



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MUXÍA PARA MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA AO SEU PASO POLO CONCELLO DE MUXÍA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Muxía o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Muxía para mellora e acondicionamento do Camiño Fisterra-Muxía ao seu paso polo concello de Muxía.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Segundo.- Por outra parte, o artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta





en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Segundo.- O Camiño de Fisterra-Muxía é o único trazado con orixe en Santiago e meta no cabo Fisterra, punto máis occidental de Europa ou no Santuario da Virxe da Barca de Muxía, dous lugares de gran simbolismo e vinculaciones xacobeas onde outrora situábase o fin do mundo coñecido. Na actualidade é un dos trazados que gañan máis peregrinos e ritos. O Camiño Santiago non sempre termina en Compostela. Desde a Idade Media foron moitos os peregrinos que, alcanzada a meta apostólica, decidiron continuar travesía cara ao lugar que simbolizaba, ata o fin do Medievo, o último reducto da terra coñecida, a punta máis occidental da Europa continental, o tramo final dese itinerario mítico-simbólico que seguía o rastro marcado pola Vía Láctea e que tiña no actual Finisterre (antigo Finis Terrae) o seu recuncho máis extremo.

Terceiro.- Os artigos 193.1 b) e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en colaborar co obxecto de recuperar e potenciar o Camiño de Fisterra-Muxía como recurso cultural, económico, turístico e de comunicación, realizando as actuacións necesarias de mellora e acondicionamento do seu trazado ao paso polo concello de Ames. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello de Muxía o único que pode realizar a actuación descrita.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Muxía unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas





nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

